



CIRCULAR INFORMATIVA 18/2018

1. LISTAS PARA ACTUAR COMO ADMINISTRADORES CONCURSAIS / 2019

Coma cada ano, antes do 31.12.2018 o Colexio de Avogados remite aos xulgados do Mercantil da Coruña unha lista actualizada con todos os colexiados dispostos a actuar como administradores concursais.

Por ese motivo, ábrese un **prazo ata o día 10.12.2018, ás 20.00 h**, para que os colexiados interesados poidan solicitar por escrito a súa inclusión nesta lista.

Os requisitos de acceso á lista son os seguintes:

- Ser letrado/a exercente.
- Posuír un mínimo de cinco anos de antigüidade no exercicio efectivo da avogacía.
- Ser persoa xurídica (sociedades profesionais que cumpran os requisitos do artigo 27.2 da Lei concursal (Lei 38/2011, do 10 de outubro, de reforma da lei concursal).
- Dispoñer de alta en seguro de responsabilidade civil (Real decreto 1333/2012 do 21 de setembro).

2. RECORDATORIO: “CURSO DE PERITAXE INFORMÁTICA E TELEMÁTICA. ANÁLISE FORENSE INFORMÁTICA”

Día: mércores, 21 de novembro

Hora: 19.30 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Matrícula: gratuíta para colexiados/as ICAS; 50 € para non colexiados/as

Inscripción e prazo: no teléfono 981 581 713, ata o martes 20 ás 14.00 h

Relator: D. Gerardo M. Zas García. Enxeñeiro informático e perito informático forense

Programa:

- Obxectivo e fases da peritaxe informática.
- Como obter a proba pericial.
- Cadea de custodia dunha proba informática.
- Casos prácticos de informes periciais.

3. XORNADA: “O INCIDENTE DE NULIDADE DE ACTUACIÓNS AO ABEIRO DA XURISPRUDENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO”

O Colexio de Avogados ofrecerá de forma **telemática** dende o salón de actos esta xornada programada polo CXAE e que se encadra dentro das denominadas “Xornadas Itinerantes” que se organizan en colaboración cos colexios de avogados.



CIRCULAR INFORMATIVA 18/2018

Día: xoves, 22 de novembro

Hora: 17.00 a 18.30 h

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago (retransmisión telemática)

Custo: gratuíto

Inscripción: libre ata completar a capacidade do salón

Relator: D. Antonio Navarro Selfa, maxistrado da Sala 1ª do TS